

O Concello de Pontecesures invita a maiores e pequenos a participar no Concurso de Disfraces que terá lugar o 19 de febreiro de 2012.

As 16.30 horas todos os participantes deberán estar na rúa Portarraxoi (esquina Rúa Ullán), dende onde sairá ás 17.30 h. o Desfile de Entroido, que pasará pola rúa San Lois, Travesía da Estación, rúa Rosalía de Castro, rúa Sagasta e rematará na Prazuela. O Xurado acompañará o desfile para ter tempo de valorar ós participantes. O percorrido poderá sufrir modificacións, notificándollo antes da saída ós participantes.

BASES

- 1 As inscricións de grupos poderán realizarse ata as 14.00 horas do venres 17 de febreiro nas Oficinas do Concello. O resto de participantes poderá anotarse tamén no mesmo día do concurso, das 16 h. ata as 17 h. A partir das 17 h. péchase o prazo de inscrición.
- 2 Como condición indispensable, todos os participantes no concurso deberán desfilar no pasarrúas.
- 3 Os inscritos só poderán participar nunha categoría e só terán opción a un premio.

- 4 Todos os inscritos aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.
- 5 Establécense dúas categorías principais:
 - Infantil. Parellas e individuais de 0 a 14 anos.
 - Adulto. Grupos, parellas e individuais de 15 anos en diante.Dentro das anteriores categorías teremos as seguintes modalidades:
 - Grupos. Formados por 3 ou máis persoas, que poderá ter ou non coreografía e música propia, e poderán ir en carroza ou similar.
 - Parella: Formada por 2 persoas ambas cun disfraz relacionado.
 - Individual: Unha persoa.
- 6 Os disfraces gañadores de anos pasados non poderán volver a competir.
- 7 A entrega de premios farase na Prazuela ao remate do desfile. Os que resulten gañadores do concurso deberán recoller eles mesmos o premio ataviados co disfraz que lles valeu o devandito premio, e no momento da entrega un adulto que se identificará cun DNI orixinal os acompañará para firmar o recibín correspondente. O fallo do xurado será inapelábel e poderá declarar premios desertos se o considera oportuno.
- 8 A participación no desfile e concurso supón a aceptación destas bases.

PREMIOS	INDIVIDUAL	PARELLA	GRUPO
infantil 0-14 anos	1º 60 euros 2º 40 euros 3º 30 euros	1º 75 euros 2º 50 euros 3º 40 euros	1º 600 euros 2º 300 euros 3º 200 euros
Adultos 14 anos en diante	1º 100 euros 2º 75 euros 3º 50 euros	1º 150 euros 2º 100 euros 3º 75 euros	

Máis información e inscricións:
 CONCELLO DE PONTECESURES
 Tif: 986 557 125

ORGANIZA:



CONCELLO DE
 PONTECESURES



BASES

Desfile e Concurso de Entroido

19 de febreiro de 2012



CONCELLO DE
 PONTECESURES